

Martes, 26 de xullo de 2022

Núm. 141

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SILLEDA

Ordenanzas e Regulamentos

*APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA RODAXE
CINEMATOGRAFICA*

*APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE 245/2022. ORDENANZA MUNICIPAL PARA A
REGULACIÓN DE RODAXES CINEMATOGRAFICAS*

ANUNCIO

Transcurrido o prazo de trinta días hábiles dende a publicación no B.O. da Provincia n.º 71 de data 12 de abril de 2022 do anuncio relativo a aprobación inicial da Ordenanza Municipal para a Regulación de Rodaxes Cinematográficas, sen que contra o mesmo se viñeran a producir ningunha reclamación ou suxestión, elévase tal aprobación inicial a definitiva, procedéndose, de conformidade co determinado no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, a súa publicación íntegra, que é do tenor literal seguinte:

ORDENANZA REGULADORA DA RODAXE CINEMATOGRAFICA NO CONCELLO DE SILLEDA

Exposición de Motivos

I

A provincia de Pontevedra foi e é un referente como escenario natural de múltiples rodaxes cinematográficas. Diversos factores contribúen a iso, a súa climatoloxía, os seus grandes contrastes paisaxísticos ou súa orografía tan variada que permite recrear distintos paraxes en poucos quilómetros de distancia.

A actividade cinematográfica ten un impacto económico enorme, xeradora de emprego directo e indirecto.

Ante esta crecente realidade, o Concello de Silleda, consciente da importancia de coidar e promocionar as vantaxes do seu municipio como escenario natural para rodaxes cinematográficas, documentais, anuncios publicitarios, series, etc..., quere regular as variadas circunstancias que rodean a actividade de rodaxe, tendo en conta ademais que nas últimas dúas décadas o termo municipal foi escenario de múltiples rodaxes cinematográficas e publicitarias.



Martes, 26 de xullo de 2022

Núm. 141

Titulo Preliminar

Artigo 1. Obxecto

É obxecto da presente Ordenanza a regulación da actividade de rodaxe ou gravación de películas de cine, longametraxes, mediometraxes, curtametraxes, programas de televisión, documentais, anuncios publicitarios, vídeos, reportaxes fotográficas ou calquera outro produto do sector audiovisual, que se desenvolva no Concello de Silleda, e que requira ou afecte a bens e/ou servizos de competencia municipal.

Artigo 2. Actividades excluídas

Non será necesaria a autorización municipal para as seguintes actividades:

- A realización de reportaxes fotográficas con cámara manual ou de vídeos con cámara ao ombreiro ou mediante trípode na vía pública ou espazos libres, que non precisen de ningún tipo de instalación nin supoñan acoutamento de espazos ou limitación do tránsito peonil ou rodado.
- A gravación de imaxes para programas informativos de televisión con cámara ao ombreiro ou mediante trípode que non precise de ningún tipo de instalación nin supoña acoutamento de espazos ou limitación do tránsito peonil ou rodado.

Sen embargo, a realización de ditas actividades deberá comunicarse ao Concello a efectos de información.

Título Primeiro. Procedemento

Artigo 3. Títulos habilitantes.

O exercicio das actividades obxecto desta Ordenanza require a previa obtención da licenza municipal de rodaxe que abarcará, en caso de ser necesario, as licenzas complementarias de ocupación da vía pública, espazos libres, monumentos ou edificios de propiedade municipal e/ou de prestación de servizos municipais (policía local, prevención e extinción de incendios, limpeza, tráfico, vehículos, etc.), non procedendo solicitar estas de maneira independente.

A licenza xeral de rodaxe, coas complementarias de ocupación de espazos ou prestación de servizos que puidera englobar, poderá denegarse, suspenderse ou revogarse cando razóns de interese público, protección da infancia ou dignidade da persoa esíxano, ou cando proceda en aplicación do réxime disciplinario.

Se a rodaxe se desenvolve en zonas ambiental ou paisaxísticamente protexidas, deberá recadarse o permiso da autoridade competente autonómica.

Igualmente deberá recadarse o permiso da administración sectorial competente para filmar sobre o espazo aéreo.

Cando a filmación se desenvolva en estradas nacionais, autonómicas ou provinciais deberase obter o permiso correspondente do titular da vía.



Martes, 26 de xullo de 2022

Núm. 141

Artigo 4. Procedemento.

1. As solicitudes de licenza de rodaxe e, no seu caso, as complementarias que se precisen (ocupación de espazo e/ou prestación de servizos) presentaranse, mediante modelo normalizado, (Anexo I) na sede electrónica do Concello a través do servizo/área departamento de Cultura e Turismo, cunha antelación de 15 días hábiles á realización da rodaxe.

2. As solicitudes, debidamente cumprimentadas con toda a información que se requira nos modelos normalizados, deben acompañarse dunha copia da póliza de seguro vixente de responsabilidade civil xeral para responder de posibles danos a terceiros con motivo do desenvolvemento da rodaxe, e de toda aquela documentación escrita ou gráfica que en cada caso se estime oportuna para o adecuado coñecemento das características do mesmo. Con independencia do anterior e cando o concello o estime oportuno polas características ou lugar de desenvolvemento da rodaxe, poderá esixir pólizas específicas que para ese efecto lle serán presentadas á produtora ou entidade responsable da rodaxe.

Para o caso de que as condicións meteorolóxicas puidesen producir variacións insalvables nos días ou lugares de rodaxe solicitados, proporanse días alternativos para a rodaxe en exteriores. Si este suposto se producira, deberase avisar o máis axiña posible ao servizo/área departamento de Cultura e Turismo para que active as datas alternativas nas respectivas licenzas complementarias que se precisasen.

Non se esixirá a póliza de seguro nos supostos establecidos no artigo 2 e nas rodaxes nas que, pola súa escasa entidade e características, o concello non o estime necesario.

3. Unha vez recibidas as solicitudes e documentación anexa, o servizo/área departamento de Cultura e Turismo tramitará as licenzas ou informes que sexan precisos.

4. O servizo/área departamento responsable da tramitación notificará á entidade solicitante a concesión ou denegación da correspondente licenza de rodaxe e, no seu caso, as complementarias para ocupación de espazos e/ou prestación de servizos que englobe.

Título Segundo. Normas técnicas e medidas de seguridade**Artigo 5. Seguros**

A produtora encargada da rodaxe será a responsable dos danos e prexuízos que se puidesen provocar polas actividades da rodaxe, tanto ao Concello como a calquera outra entidade pública, privada e particular afectado, incluíndo os danos físicos que se puidesen causarse á cidadanía como consecuencia das actividades autorizadas.

Por iso, a produtora responsable da rodaxe deberá subscribir unha póliza de seguro de responsabilidade civil que deberá cubrir suficientemente todos os posibles danos sinalados no parágrafo anterior.



Martes, 26 de xullo de 2022

Núm. 141

O seguro de responsabilidade civil o será “sen franquía”, e deberá estar vixente desde o comezo e ata a completa finalización das actividades de rodaxe.

Igualmente deberán terse subscrito e en vigor cantos seguros sexan obrigatorios en relación aos medios mecánicos e vehículos a motor que se incorporen á rodaxe, sexan propios ou de terceiros.

Artigo 6. Principio de menor afectación

Calquera que sexa a natureza da afectación que as actividades de rodaxe xeren aos bens e/ou servizos de competencia municipal, pública e/ou privada, a produtora responsable da rodaxe deberá velar para que tales afectacións sexan as mínimas posibles.

Entre varias alternativas técnicas posibles, que ofrezan similares resultados, a produtora responsable da rodaxe deberá optar por aquelas que produzan unha menor afectación aos bens e/ou servizos de competencia municipal, pública e/ou privada.

Artigo 7. Prevención de riscos.

As entidades solicitantes deberán axustarse ao estipulado pola normativa de prevención de riscos laborais e seguridade no traballo.

En particular, nas rodaxes levadas a cabo en lugares abertos ao tráfico rodado, as entidades solicitantes deberán aterse ás normas de sinalización viaria contempladas na normativa vixente.

Artigo 8. Uso e ocupación de vías públicas

Seguirase en todo momento as indicacións recollidas no permiso da rodaxe, procurando respectar a utilización do mesmo espazo polo resto de cidadanía, salvo naquelas rodaxes nas que se autorice o corte ou peche permanente da localización obxecto da gravación.

A obtención da licenza para rodaxe implicará, nestes casos, a licenza para o uso e ocupación de vías públicas que se solicitaron.

Artigo 9. Parques e xardíns

As ocupacións do dominio publico municipal que afecten a zonas verdes ou axardinadas, ademais das condicións reflectidas na autorización da rodaxe deberán de cumprir as seguintes condicións:

- Para evitar o deterioro dos elementos vexetais ou de rego enterrado, a actividade non poderá desenvolverse directamente sobre superficie axardinada ou parterres salvo autorización expresa.
- Prohibirase tamén calquera tipo de almacenamento ou provisión sobre céspede e parterres, co obxecto de evitar a compactación da terra nas zonas axardinadas e das raíces das árbores.



- A colocación de elementos técnicos ou de atrezzo sobre herba ou zonas de vexetación requirirá autorización expresa. A autorización detallará o tipo de elemento a colocar e as precaucións necesarias para que o seu impacto sobre a zona sexa o menor posible.
- Queda prohibida a utilización de plantas e árbores como soportes para colocar, ancorar ou cravar calquera tipo de elemento ou instalación, así como a suxeición dos mesmos ao seu tronco e ramas.
- Durante o desenvolvemento da actividade e das tarefas de montaxe e desmonte das instalacións, permitirase, en todo momento o paso aos vehículos que operan no servizo e mantemento do parque. Igualmente, a actividade estará sometida ás servidumes propias de todo espazo axardinado.
- Deberán permanecer en todo momento libres de ocupación as arquetas e elementos de rexistro en superficie de calquera servizo público, e en particular de rego.
- A circulación con vehículos nos parques e xardíns deberá ser autorizada expresamente, intentando sempre por parte da produtora que os vehículos a acceder sexan os menos posibles e permanezan soamente o tempo necesario dentro do parque.
- En ningún caso a circulación ou estacionamento de vehículos deberá invadir os espazos axardinados ou arboredos. O estacionamento de vehículos dentro dos parques será tan so o permitido expresamente e nas zonas autorizadas ao efecto.
- Tomaranse as medidas adecuadas para a recollida eficaz dos posibles residuos que xere a rodaxe.
- De considerarse necesaria a presenza na rodaxe de persoal de mantemento do parque, os custos do mesmo serán asumidos pola produtora.
- Unha vez finalizada a rodaxe, persoal técnico do servizo/área/departamento de Parques e Xardíns efectuará unha revisión das zonas utilizadas para verificación de que non houbo danos nas mesmas e en caso de desperfectos dalgún tipo a produtora farase responsable dos mesmos.

Artigo 10. Reserva de espazo, aparcadoiro de vehículos

Cando sexa precisa a reserva de espazos para a realización da rodaxe, o estacionamento de vehículos ou provisión de maquinaria ou materiais, reflectirase expresamente no formulario de solicitude de licenza de rodaxe, con indicación de localización exacta, días e horarios da súa necesidade, metros solicitados e tipo de vehículos.

Cunha antelación mínima de 72 horas a promotora deberá facilitar ao Concello o listado das matrículas dos vehículos que farán uso da reserva de espazo para estacionamento. Os vehículos autorizados a estacionar nas reservas deberán dispoñer dun distintivo visible da produtora e unha relación previa das matrículas deberá estar en poder da Policía local co fin de evitar discrepancias en caso de denuncias de tráfico e retirada de vehículos.

Esta reserva non poderá supoñer en ningún caso limitación do tránsito peonil ou rodado.



Martes, 26 de xullo de 2022

Núm. 141

Se a reserva levase a necesidade ineludible de retirar algún vehículo particular ou outro ben de propiedade privada, requirirase a intervención da Policía Local.

As beirarrúas non poderán ser utilizadas para a almacenaxe dos equipos técnicos ou para actividades de construción.

Unha vez recibida a autorización de aparcadoiro, a entidade solicitante será a responsable de acoutar a zona concedida no permiso e facer a reserva correspondente. Para iso, seguirá as indicacións do propio permiso de reserva de espazo:

- Sinalizar debidamente a reserva previa de espazo, sexa para realización da rodaxe, o estacionamento de vehículos ou provisión de maquinaria ou materiais, con 72 horas de antelación á rodaxe pola propia produtora mediante sinalización excepcional homologada, suficientemente visible no que se indique "reserva de espazo para rodaxe", indicando os días que dita reserva comprenderá.
- Unha vez acoutada a zona, poranse en contacto coa Policía Local para que tome nota dos vehículos que están aparcados no momento de efectuar a reserva de aparcadoiro.
- A produtora responsable da rodaxe deberá poñerse en contacto coa Policía Local con 72 horas antes da gravación para seguir as súas indicacións.
- Deberase atender calquera outro requisito específico da localización ou necesidades da rodaxe.

Chegado o día concedido de inicio da reserva, a forma de acoutar a zona autorizada para reservar o espazo é a seguinte:

- Acoutarase a zona con valos, conos, cintas ou outros elementos dos que dispoña a produtora.
- Colocaranse sinais de prohibido aparcarse en ambos os extremos da reserva.
- Colocarase igualmente unha copia do permiso de reserva de espazo de aparcadoiro na zona acoutada, indicando dunha maneira clara, a data e hora da gravación audiovisual.

As entidades solicitantes deberán informar con 72 horas de antelación ás persoas directamente afectadas polo proxecto de rodaxe, mediante un preaviso, que deberá conter data/s, horario, localización exacta e características da rodaxe.

O Concello facilitará ás entidades solicitantes un Modelo de Preaviso (Anexo I).

A obtención da licenza para rodaxe implicará, nestes casos, a licenza para o aparcadoiro de vehículos e/ou reserva de espazo que se solicitou.

Artigo 11. Instalacións municipais

Para a rodaxe en instalacións municipais deberán detallarse no formulario de solicitude os espazos, datas e descrición das actividades a realizar. A concesión do permiso estará condicionada á programación de actividades do centro.



Artigo 12. Acceso e circulación de vehículos a zonas peonís e zonas acoutadas ou de pouco espazo

O acceso e circulación de vehículos por zonas peonís, acoutadas e de pouco espazo realizarase exclusivamente polos itinerarios e horarios recollidos pola autorización, seguindo en todo momento as indicacións sinaladas na autorización correspondente e as da propia Policía Local

Artigo 13. Carga e descarga

Se así o indica a autorización, as tarefas de carga e descarga poderanse levar a cabo ocupando paseos, beirarrúas ou zonas que non estean expresamente delimitadas para a carga e descarga de vehículos destinados ao transporte de mercadorías, ou naquelas nas que con carácter xeral estea prohibida a parada.

Tanto o acceso e o estacionamento de vehículos para a realización de tarefas de carga e descarga, así como as propias tarefas de carga e descarga, realizaranse exclusivamente polos itinerarios sinalados pola autorización e deberán levar a cabo coa menor afectación posible ao tránsito de vehículos e peóns, e en ningún caso poderán interferir nos itinerarios peonís principais.

Artigo 14. Cortes de tráfico

No caso de que a rodaxe precise de cortes de tráfico, seguiranse as seguintes normas:

- Na medida do posible, os cortes de tráfico limitaranse ao imprescindible e deberán ter carácter intermitente.
- Garantirase en todo momento o paso de ambulancias e outros vehículos de urxencias.
- Solicitarase a asistencia da Policía Local.
- Previsión de percorridos alternativos.
- O acceso de peóns impedirase durante o tempo estritamente necesario, e deberá preverse medidas para a eliminación de barreiras arquitectónicas e de accesibilidade, especialmente para o tránsito de discapacitados.

Artigo 15. Mobiliario urbano

Quedarán terminantemente prohibida a retirada ou manipulación de calquera elemento do mobiliario urbano sen a previa autorización e supervisión da área municipal competente.

Igualmente, está prohibido o tradeado do pavimento ou de calquera outro elemento do mobiliario urbano, ou a realización de ancoraxes nos mesmos, para a colocación de elementos a empregar nas rodaxes, salvo que se autorice expresamente, coa condición de devolución ao aspecto e estado anterior á modificación levada a cabo pola persoa solicitante do permiso.



Martes, 26 de xullo de 2022

Núm. 141

Artigo 16. Instalacións eléctricas e iluminación

Queda terminantemente prohibida a utilización de farois, arboredo próximo, ou outros elementos do mobiliario urbano, como soporte de acometidas de calquera tipo, para as actividades de rodaxe.

Artigo 17. Instalación de carteis, valos e estruturas

Se a autorización o permite, a instalación e utilización, para as actividades de rodaxes, de carteis, estruturas portátiles ou desmontables, estadas ou plataformas aéreas, deberá acollerse aos seguintes requisitos:

- As instalacións ou estruturas portátiles ou desmontables que pretendan utilizarse deberán cumprir as condicións de seguridade, hixiene e comodidade regulamentarias, o que se deberá acreditar mediante a certificación de técnico competente.
- Deberá garantirse en todo momento o tránsito peonil polo lateral da zona empregada na actividade autorizada, nun mínimo de 3 metros e medio.

Artigo 18. Sinais de tráfico

No caso de terse autorizado a alteración da sinalización de tráfico horizontal ou vertical, deberá procederse, unha vez terminada a rodaxe, a restituír a mesma ao seu estado anterior, baixo a supervisión dos técnicos municipais ou da Policía Local.

Artigo 19. Ruídos

A preparación e desenvolvemento das actividades de rodaxe, e en consecuencia, todas as autorizacións para as mesmas, deberán someterse aos niveis máximos de ruído establecidos na normativa autonómica

Poderá autorizarse rodaxes nocturnas, , sen prexuízo do deber de notificar aos veciños e comerciantes afectados e se adopten as medidas precisas para evitar molestias e garantir o seu descanso.

En particular, a utilización de megafonía e doutros medios similares deberá procurar que os niveis sonoros máximos transmitidos ás edificacións máis próximas non excedan dos límites fixados na citada normativa.

A área municipal correspondente poderá prohibir totalmente, en zonas predeterminadas, o uso de megafonía e doutros medios similares.

A entidade solicitante procurará utilizar medios insonorizados durante o desenvolvemento das rodaxes, no que tecnicamente sexa posible, así como proceder ás tarefas de carga e descarga relacionadas coas rodaxes, dentro dos horarios autorizados pola normativa municipal.



Artigo 20. Uso e ocupación de inmobles de titularidade municipal

As actividades de rodaxe en inmobles de titularidade municipal, ou noutras localizacións do termo municipal, de especial significación histórica, artística, monumental, etc., deberán acollerse ás estipulacións indicadas na correspondente autorización e entre outras deberá terse en conta:

- O uso, para as actividades de rodaxe, de calquera instalación ou elemento do mobiliario de inmobles municipais e calquera tipo de acometida, deberán ser levados a cabo baixo a supervisión dun técnico municipal.
- A filmación de produtos que non resulten acordes e compatibles co carácter histórico e/ou artístico do monumento e, no seu caso, do edificio, requirirá un dossier ou memoria explicativa por parte da produtora no que xustifique o interese desta en escoller devandito inmovible.
- Calquera uso da instalación eléctrica ou de calquera outra infraestrutura do monumento ou edificio deberá levarse a cabo polo persoal técnico do mesmo ou, polo menos, baixo a súa supervisión.
- O equipo de rodaxe deberá seguir cantas instrucións lles sexa dirixidas polos responsables do edificio e adoptar as medidas precisas para evitar calquera dano nos seus distintos elementos, e facilitar a inspección do material que se introduza no mesmo, en caso de ser requirido ao efecto.
- A produtora debe coidar o correcto comportamento e respecto ao edificio por parte dos membros do equipo, os cales deberán levar visible a tarxeta de identificación que se lles proporcione.
- Nos títulos de crédito deberá figurar a colaboración da Dirección do edificio.

A obtención da licenza para rodaxe implicará, nestes casos, a licenza para o uso da instalación ou elemento do mobiliario do inmovible ou inmobles municipais e calquera tipo de acometida que se solicitara.

Artigo 21. Armas de fogo, explosivos e material pirotécnico. Simulacros

As actividades de rodaxe nas que se empreguen armas de fogo, explosivos, material pirotécnico, ou efectos especiais aparatosos, requirirán as autorizacións das autoridades competentes, en orde ao seu transporte, almacenamento e uso.

Deberán protexerse debidamente todos os elementos do mobiliario urbano.

As armas-detonadoras ou de fogueo- que se utilicen en calquera tipo de rodaxe, haberán de estar inutilizadas e non ser aptas para facer fogo real. Si se utilizan nun estado normal de funcionamento, estas armas só poderán utilizarse con cartucho de fogueo e estar correctamente documentadas segundo a súa categoría.

Deberase facilitar ao Concello, coa suficiente antelación, toda a documentación das armas, explosivos, ou efectos especiais a utilizar.



Igualmente, deberase informar ao Concello das rodaxes con utilización de uniformes oficiais ou de calquera vehículo ou outros elementos de aterezo que simulen servizos de emerxencia.

Os uniformes e os vehículos ou os distintivos destes deben ocultarse entre tomas, na medida do posible.

Artigo 22. Animais

As rodaxes con animais deberán someterse á lexislación sobre protección animal vixente en cada momento.

Os animais sempre deberán estar acompañados polos seus cuidadores e tomaranse as medidas de seguridade que requira cada especie.

Artigo 23. Catering

Salvo que as licenzas de rodaxe o autoricen de forma expresa, prohíbese que os equipos de rodaxe organicen servizos de “catering” ou similares nas vías públicas e outros espazos libres do municipio.

Artigo 24. Rodaxes aéreas

As producións que supoñan a rodaxe de planos aéreos (desde avións, helicópteros, drons ou calquera outro soporte que permita tomar imaxes aéreas) e/ou a rodaxe con paracaidistas, deberán levar a cabo de acordo á normativa de Aviación Civil, sen prexuízo da obrigaón de solicitar as autorizacións municipais que en cada caso fosen pertinentes.

Artigo 25. Cables e Iluminación

A instalación eléctrica deberá cumprir co Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión, así como as súas instrucións complementarias.

Os tendidos de toma de enerxía para a actividade solicitada deberán colocarse coas suficientes medidas de seguridade e prevención para evitar accidentes aos peóns que pasen pola zona.

Prohíbese a utilización de farois ou do arboredo próximo como soporte de acometidas de calquera tipo de obxecto da actividade.

A instalación de cables, se así se autoriza, debe suxeitarse ás seguintes normas:

- Instalaranse nas unións entre a beirarrúa e as fachadas e nas escaleiras deben ser fixados para evitar tropezos.
- Os grupos electróxeos instalaranse o máis preto posible para evitar a colocación de cables cruzando vías públicas.



Martes, 26 de xullo de 2022

Núm. 141

- Cando sexa precisa a súa instalación aérea, a súa altura mínima, será fixada polos servizos municipais.
- Cando se instalen sobre a beirarrúa, recubriranse cunha alfombra de goma fixada ao chan, dun metro como mínimo de ancho, e sinalizada con conos luminosos ou cinta de alta visibilidade.
- Debe solicitarse autorización especial cando se pretenda encastar cables ao mobiliario urbano.

Sen prexuízo do deber de notificar aos veciños e comerciantes afectados o plan de iluminación previsto, adoptaranse as medidas precisas para evitar molestias e garantir o seu descanso.

Artigo 26. Bocas de rega

Si se autorizase o uso de bocas de rega, a súa utilización efectuarase baixo a supervisión da área competente ou empresa concesionaria.

Durante unha emerxencia, o Servizo de Prevención e Extinción de Incendios debe ter dispoñible o acceso e o uso das bocas de rega.

Artigo 27. Guindastres, estadas e plataformas aéreas

En caso de utilizarse guindastres de filmación, estadas ou plataformas aéreas, deberá informarse na solicitude ao Concello das súas características e emprazamento así como achegar o seguro de responsabilidade civil dos mesmos, suscrito e en vigor.

De noite e en condicións de deficiente visibilidade deben sinalizarse adecuadamente.

Na súa montaxe e desmonte deben minimizarse os ruídos e molestias.

Artigo 28. Seguridade

Terán prioridade sobre as actividades de rodaxe autorizadas:

- O tránsito de ambulancias e calquera outros vehículos de urxencias.
- O transporte público.
- O libre tránsito de peóns con mobilidade reducida, debéndose evitar a creación de barreiras de accesibilidade para as mesmas.

En todo caso, as actividades de rodaxe deberán deixar expeditos os espazos libres de estacionamento para o acceso de vehículos a locais ou terreos particulares (vaos).

Artigo 29. Limpeza

A entidade solicitante será responsable da completa limpeza dos lugares nos que se levaron a cabo as rodaxes autorizadas.



Os traballos de limpeza para repoñer os lugares afectados polas rodaxes no seu estado previo, realizaranse coa maior inmediatez posible.

A limpeza e xestión dos posibles residuos deberá levarse a cabo de acordo a principios de sustentabilidade ambiental.

En caso de incumprimento da obrigaón anterior, a entidade solicitante deberá abonar os custos da limpeza a cargo dos servizos municipais, e as sancións que por incumprimento do estipulado nesta ou noutras Ordenanzas municipais, puidesen impoñerse.

Artigo 30. Actuacións de terceiros

Cando a realización das actividades de rodaxe, implique a intervención de entidades alleas ao Concello, que teñan encomendada por este a prestación de determinados servizos de competencia municipal (subcontratas municipais, concesionarias e outras), deberá seguirse o procedemento recollido na correspondente autorización.

Artigo 31. Información a persoas afectadas

A produtora solicitante do permiso deberá informar as persoas directamente afectadas o proxecto de rodaxe con polo menos 72 horas de antelación ao comezo das rodaxes mediante un preaviso, que deberá conter data/s, horario, localización exacta e características da rodaxe, así como información de calquera outra circunstancia derivada da rodaxe que puidese xerar molestias ou inconvenientes aos cidadáns.

O concello facilitará ás entidades solicitantes un Modelo de Preaviso, que deberá incluír os datos de contacto do concello e da entidade solicitante.

No caso de proxectos de rodaxe que leven efectos especialmente ruidosos, escenas perigosas, ou calquera outro tipo de actividade que poida xerar alarma na cidadanía, a obrigaón de preaviso estenderase a todas as persoas indirectamente afectadas.

Artigo 32. Identificación das rodaxes

Durante as actividades de rodaxe, os membros dos equipos de rodaxe deberán estar correctamente identificados.

Nas rodaxes en vía pública que impliquen un corte de tráfico, ou nas rodaxes nocturnas ou con visibilidade reducida, os membros dos equipos de rodaxe deberán usar indumentaria con material de alta visibilidade. Igualmente, deberán sinalizarse correctamente os materiais de rodaxe.

As actividades de rodaxe deberán estar correctamente sinalizadas e acordoadas.



Martes, 26 de xullo de 2022

Núm. 141

As actividades de rodaxe na vía pública con duración superior a media xornada, deberán identificarse correctamente, mediante a colocación, por parte da produtora solicitante, en lugares visibles da rodaxe, de carteis proporcionados polo concello, que deberán conter datos básicos sobre o proxecto de rodaxe, e aludir á colaboración nos mesmos do Concello.

Si se empregan uniformes ou vehículos propios de servizos de emerxencia (policía, ambulancia, bombeiros), deben ser informadas desde o primeiro momento as áreas municipais competentes.

Artigo 33. Títulos de crédito

Cando se realicen filmacións cinematográficas, farase constar no press book e nos títulos de crédito a imaxe corporativa do Concello no formato que en cada caso se indique.

A produtora responsable da rodaxe autorizará ao concello, mediante consentimento por escrito, a que este fotografie aqueles contidos da gravación que previamente se acorde entre ambos, comprometéndose o concello a gardar a confidencialidade das imaxes así obtidas ata a estrea da filmación. O concello poderá utilizar con fins promocionais propios a documentación promocional (fotografías, vídeos, carteis, etc.) dos produtos audiovisuais rodados coa súa colaboración.

Título Terceiro. Taxas e Fianza

Artigo 34. Taxas.

As taxas a aplicar serán as vixentes no Concello de Silleda.

A obtención do documento de liquidación das taxas poderá realizarse ante o Concello ou nas entidades bancarias cas que traballa o Concello.

Ao marxe da aplicación das taxas establecidas na Ordenanza Fiscal a produtora estará obrigada a aboar os danos ocasionados polo deterioro e os desperfectos que se poidan producir, así como os custos derivados da prestación dos servizos externos ao Concello que sexan necesarios para a realización da rodaxe (limpeza, retirada mobiliario urbano, seguridade, etc..).

Artigo 35. Fianza

O Concello poderá esixir a formalización dunha fianza para responder dos posibles traballos extraordinarios ou dos danos que as actividades de rodaxe puidesen ocasionar nos bens e servizos de competencia municipal. O importe de dita fianza fixarase en función do risco que comprenda a actividade a desenvolver.



Título Cuarto. Réxime sancionador**Artigo 36. Inspección**

Os axentes da Policía Local e os distintos servizos municipais en cada caso competentes desenvolverán as funcións de inspección e vixilancia, coidando do exacto cumprimento das normas contidas na presente Ordenanza.

Artigo 37. Infraccións

Constituirán infraccións da presente Ordenanza as accións ou omisións que vulneren as prescricións contidas na mesma, de acordo co establecido nos seguintes artigos.

Toda infracción levará consigo a imposición das sancións que correspondan aos responsables, así como a obrigaón, no seu caso, de resarcimento e indemnización dos danos, sen prexuízo das medidas de protección da legalidade e do dominio público e patrimonio local que proceda adoptar.

Artigo 38. Infraccións e sancións por incumprimento das obrigaóns da presente Ordenanza

As infraccións relativas ao incumprimento das obrigas da presente Ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves. Ditas infraccións clasifícanse, tipifican e sancionan de acordo co disposto nos artigos 140 e 141 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

1.- Considéranse infraccións leves aquelas vulneracións da presente Ordenanza que non estean tipificadas como graves ou moi graves. Sancionaranse con multa de ata 750 euros.

2.- Considéranse infraccións graves as accións ou omisións que supoñan:

- a) A comisión de tres ou máis faltas leves nun ano.
- b) Non manter os espazos ocupados nas debidas condicións de limpeza e conservación, durante a rodaxe e unha vez concluído este.
- c) O incumprimento dos requirimentos que efectúen os servizos municipais ou os axentes da Policía Local en orde ao cumprimento da normativa aplicable.
- d) O incumprimento do horario que sexa preceptivo en cada caso.
- e) O incumprimento da obrigaón de aviso aos veciños e comerciantes afectados.

Ditas infraccións graves serán sancionadas con multa de ata 1.500 euros.



3.- Considéranse infraccións moi graves as accións ou omisións que supoñan:

- a) A comisión de tres ou máis faltas graves nun ano.
- b) Levar a cabo a actividade autorizada sen contar coa presenza da Policía Local ou do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios, cando esta sexa preceptiva.
- c) Non adoptar as medidas necesarias en orde á evitación de danos ás persoas
- d) Iniciar a rodaxe sen a preceptiva licenza

Ditas infraccións moi graves serán sancionadas con multa de ata 3.000 euros, podendo dar lugar á revogación da autorización, no seu caso.

Artigo 39. Gradación das sancións

A determinación da contía das sancións levará a cabo tendo en conta o principio de proporcionalidade, as circunstancias agravantes e/ou atenuantes que concorran, e os seguintes criterios:

- a) A boa ou mala fe do infractor.
- b) A utilidade que a infracción reporte ao responsable.
- c) A natureza dos danos causados.

Son circunstancias agravantes da responsabilidade:

- a) O terse prevalido o infractor, para cometer a infracción, da titularidade dun oficio ou cargo público, salvo que o feito sexa realizado precisamente no exercicio do deber funcional propio do oficio ou cargo.
- b) O cometela alterando os supostos de feito que presuntamente lexitimaren a actuación, ou mediante falsificación dos documentos en que se acreditara o fundamento legal da actuación.
- c) A reiteración.

Son circunstancias atenuantes da responsabilidade:

- a) Non ter intención de causar un dano tan grave aos intereses públicos ou privados afectados pola actuación.
- b) Proceder o responsable a reparar ou diminuír o dano causado antes da iniciación das actuacións sancionadoras.

Artigo 40. Competencia e procedemento

A tramitación e resolución dos procedementos sancionadores corresponderá aos órganos competentes do Concello.



Martes, 26 de xullo de 2022

Núm. 141

A tramitación dos procedementos sancionadores axustarase ao establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e normas regulamentarias de aplicación nesta materia.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor aos 15 días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, unha vez aprobada definitivamente.



Martes, 26 de xullo de 2022

Núm. 141

ANEXO I
SOLICITUDE DE PERMISO DE RODAXE

1. TÍTULO DA PRODUCCIÓN:

2. TIPO DE PRODUCCIÓN:

Longametraxe		Foto	
Curtametraxe		Spot publicitario	
TV movie		Vídeo corporativo	
Programa de TV		Vídeo clip	
Documentais		Outros (especificar)	

Director	
Produtor	
Fotógrafo	

Datas da rodaxe no Concello:

3. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Produtora/empresa	
CIF/DNI	
Rúa/Avenida/Praza...	
Cidade/Código Postal	
País	
Correo electrónico	
Teléfono/Móbil	
Páxina Web	

Persoas de contacto/Responsable

Nome	
Cargo	
Teléfono/Móbil	
Correo electrónico	



Martes, 26 de xullo de 2022

Núm. 141

Produtora asociada

Produtora	
CIF/DNI	
Rúa/Avenida/Praza...	
Cidade/Código Postal	
País	
Correo electrónico	
Teléfono/Móbil	
Páxina Web	

4. TIPO DE RODAXE:

- Rodaxe con cámara ao ombreiro
- Rodaxe con ocupación de vía pública

5. DATOS DA OCUPACIÓN DE VIA PÚBLICA PARA RODAXE

LOCALIZACIÓNS	Beirarrúa ou calzada	m2*	Data

*Campo imprescindible de encher para o segundo tipo de rodaxe
Recoméndase xuntar planos e/ou croques

MATERIAL TÉCNICO EMPREGADO E SITUACIÓN



Martes, 26 de xullo de 2022

Núm. 141

6. DATOS DA OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA PARA APARCADOIRO:

LOCALIZACIÓNS	m2	Data

Recoméndase xuntar planos e/ou croques

A produtora deberá materializar o espazo solicitado para aparcadoiro de vehículos

DATOS DOS VEHÍCULOS

Modelo	Matrícula	Medida*

7. NECESIDADE DE CORTE PEONÍL OU DE TRÁFICO:

CORTE PEONÍL

Localización	data	horario



Martes, 26 de xullo de 2022

Núm. 141

CORTES DE TRÁFICO

Localización	Presenza policial	data	horario

8. ACCESO VEHÍCULOS CARGA/DESCARGA:

Localización	data	horario	marca	modelo

9. CÁMARA CAR*:

Percorrido	Presenza policial	data	horario

*Facilitar matrícula

10. OUTRAS NECESIDADES PARA A RODAXE (Describir):

Mobiliario urbano	
Alumeado público	
Limpeza	
Outros	



Martes, 26 de xullo de 2022

Núm. 141

11. OBSERVACIÓNS:

12. DISTRIBUCIÓN PREVISTA PARA A PRODUCCIÓN (salas, canais de emisión, revistas, países....):

13. SEGURO:

Nome da compañía:

Número da póliza:

Xuntar copia da póliza e resgardo anual do pago

A compañía de produción está de acordo en indemnizar ao titular da propiedade. A produtora é a única e absoluta responsable en caso de calquera demanda, proceso ou xuízo por danos persoais ou á propiedade que ocorran ou se poidan derivar do exercicio das actividades da persoa solicitante, as súas persoas empregadas ou outros. Deberase respectar as ordenanzas municipais en todas as filmacións e sesións fotográficas, tendo en conta, ademais, a especial protección dos edificios históricos, parques naturais e xardíns. Este permiso pode ser revogado en calquera momento. O Concello debe aparecer nos títulos de crédito da produción. Notificarase a este concello o día do estreo, distribución e/ou emisión da produción. Farase entrega dunha copia da produción así como de alomenos 5 fotografías da rodaxe para o seu arquivo.

En Silleda, a _____ de _____ de _____

SINATURA E CARGO DA PERSOA REPRESENTANTE



Martes, 26 de xullo de 2022

Núm. 141

Anexo II
NOTIFICACIÓN DE RODAXE

Estimadas persoas residentes e comerciantes:

A produtora que subscribe _____ elixiu o Concello de Silleda para gravar escenas de _____ (tipo de produción).

A estes efectos, solicitáronse os correspondentes permisos ás autoridades locais (ocupación de vía pública, aparcadoiros...) e imos tomar todas as medidas de seguridade que sexan necesarias para o bo desenvolvemento do mesmo, facendo todo o que estea na nosa man para evitar calquera molestia, coidando voso espazo co todo o respecto que se merece.

Esta rodaxe conta co apoio do Concello de _____.

Por todo o cal, rogámoslles a súa colaboración, absolutamente imprescindible, para que podamos realizar este traballo, informándolles a continuación dos detalles da rodaxe para a oportuna previsión respecto da súa actividade diaria.

DATOS DA PRODUCCIÓN

- Localización da rodaxe: _____
- Data e hora da rodaxe: _____
- Nº de persoas do equipo: _____
- Nº de vehículos do equipo: ____ aparcados en: _____
- Tipo de escenas (efectos especiais, cortes de tráfico): _____

Se ten algunha dúbida ou suxestión, por favor chame aos contactos que a continuación lle facilitamos. Moitísimas grazas de antemán pola súa comprensión e paciencia.

Nome	Cargo	Teléfono Móbil

A PRODUTORA

Silleda, na data da sinatura electrónica

O Alcalde-Presidente,
Asdo. Manuel Cuiña Fernández